

O ESPIGONCIÑO



O ESPIGONCIÑO



DÍA DAS LETRAS



GALEGAS

17 de maio



Ricardo Carballo Calero

GALIZA!

GALIZA!



Aínda que estedes confinados na casa, festezcade 10 DÍA DAS LETRAS GALEGAS! Non vos olvidades de RECICLAR!



GALIZA!

Naceu o 30 de outubro de 1910 en Ferrol.
Moueu o 25 de marzo de 1990 en Santiago.
Defendía que o galego é unha variedade do portugués.

Adriana 5ºB

O ESPIGONCIÑO

Este é o noso último ano en E.P. É moi difícil pensar que xa non poderemos dar mais clase no sitio onde xa é como a nosa segunda casa porque se nos paramos a pensar, xa levamos nove anos moi divertidos e con moitas mesturas de sentimentos.

Debido a esta epidemia: covid-19, seguramente non teremos a oportunidade de dar máis clases normais cara a cara no colexio. Tamén para agradecer nesta editorial a todos os profes por estar nove anos aguantando a esta clase que moitas veces téñennos dito, que somos peores que os de 3 anos!!!!!! penso que a nosa experiencia no cole foi moi boa e que agora xa toca pechar este capítulo da nosa vida, e comezar un novo.

Celia

Este ano acábase o noso ciclo de Educación Primaria. É un ano raro, levamos desde Marzo na casa, sen ver aos compañeiros nin aos profesores, sen poder saír a xogar, sen actividades e estudando dende casa polo ordenador e con videoconferencias. E difícil e costa moito adaptarse a esta nova situación provocada polo virus Covid-19.

É moi triste pensar que este último ano, despois de nove cursos cos meus compañeiros, non nos podamos despedir e non podamos facer a excursión a Madrid que tanta ilusión nos facía.

O ano que ven no instituto todo vai ser novo e vamos ter que esforzarnos mais e estudar duro porque este ano non dimos todos os temas, PERO PODEREMOS DE SOBRA!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

Lévome moi bos recordos do meu colexio: Os festivais con Cristina en infantil, os cumplecos cos meus amigos, as liortas e os partidos nos recreos, as excursións ao monte a plantar árbores, a lata que lles demos a todos os nosos profesores cando non nos portábase ben: Tamara, Vicente, Manolo, Docal, Jesús e Fran.

Foron nove anos que pasáronse voando e que nunca vou a esquecer.

Carlos

Os meus 9 anos no cole paseino bastante ben. Había veces que me divertía con cousas que me gustaban como as excursións, o día do monte, o entroido, etc., e outras non me gustaban nada de nada como cando había exames.

Por un lado teño ganas de ir ao instituto para saber como é, e por outro dame pena deixar o cole porque alí levo dende os 3 anos e pensar que non vou a volver ponme un pouco triste.

Tamén me pon triste saber que case seguro non vamos ter excursión de fin de curso e que hai un compañeiro que se vai ir a outro instituto e xa non vamos estar en clase con él.

Hugo Pego

TRISTE DESPEDIDA

A miña experiencia no colexio e moi boa, son moitos anos compartindo, aprendendo, xogando... cos meus compañeiros e mestres. Vounos botar de menos. O Covid -19 fixo que nos quedáramos na casa, que cambiáramos a nosa forma de vivir, a forma de dar as clases e o máis importante que non nos podamos despedir. O curso que ven empezaremos unha nova etapa haberá moitos cambios, pero adaptarémonos. Espero que este virus nos deixe pronto e poidamos volver a ser libres. Despídome con cariño do meu titor, mestres e compañeiros.

Alex

Textos e ilustracións: alumnado e profesorado do CEIP "Manuel Fraga Iribarne" de Cariño.

Maio de 2020.

Sumario


A clase das abellas.....	4
Unha rara primavera.....	7
Un recordo polo meu paso pola E. Infantil.....	8
Xentes de Cariño polo mundo: Isabel Lage.....	13
A xerminación das plantas no confinamento.....	16
O coviconto: uns pequenos salvadores	19
A nosa primeira saída.....	31
Covid-creacións.....	34
Letras galegas: Ricardo Carvalho Calero.....	44
O laio da palabra.....	46
O Entroido.....	47
Biblioteca	49
Entrevista:soliedaridade en tempos de pandemia.....	60
Deportes	62



A CLASE DAS ABELLAS

Os nenos e as nenas da clase das abellas son uns artistas. Durante o período de “quedar na casa” elaboraron numeras obras de arte. Algunhas delas son as seguintes:

Julia: Bolboreta de cores



Manuel: Ricardo Carvalho Calero



Raúl: Arcoiris



Lucas: Plásticoris



O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

Julen: Natureza



Lola: Cilindro de fantasía



Sheyla: Flores soleadas



Lucía: Mi familia saliendo al parque



Aarón: Pintura de Aarón



Arturo: Un camión en verano



O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

Francisco: Mi clase



Denis: El supergusano



Diego: Dibujo para mamá



Xevi: Dinosaurio



Sofia: Arcoiris reciclado



4º de Educación Infantil

Curso 2019 - 2020

Unha rara primavera.

Querida estación das flores:

Gustaríame dirixirme a ti, co maior dos respectos.

Imaxino que te decataches, pero este ano o mundo enteiro deuche un respiro, case podo responder eu a dita afirmación porque dende as catro paredes da miña casa non deixei de observarte e teño a sensación de que estiveches máis a gusto que nunca ou polo menos que neste último século.

Teño que confesarche que dende ben pequena fuches a estación do ano preferida para min e sempre me encantou gozarte.

Adoro ver as árbores recuperando novas e verdes follas, a variedade de cores das flores das casas da vila onde resido e as salvaxes que medran nos campos, montes e xardíns a prolongación das horas de sol, non parar de escoitar paxaros de tódalas especies “pia” que te “pia” sen parar, o cheiro da herba recién cortada, os claros de sol e as repentinas nubes escuras dos iminentes chaparróns, ulisquear a terra mollada trala caída das primeiras gotas de choiva, andar sendeiro arriba sendeiro abaixo co meu can mirando cada recuncho da natureza e cruzarme no camiño

cunhas cantas bolboretas, ver como os patos e as ocas do parque do meu barrio aproveitan esta explosión de vida para aparearse... todo, nos meses que ti mandas paréceme unha pasada!!!

Algo pasou este ano que fixo que non te disfrutara como ben sendo propio en min e é que apareceu un inimigo en forma de virus descoñecido para nós e tivemos que combati-lo quedando na casa.

E curioso por que esta “cousa” parece que só ataca ás persoas e non deixo de preguntarme se non será obra da natureza, cansa de tanto enviste e mal uso e disfrute do ser humano...

Se fora así non se che pode culpar igual levábamnos moito tempo crendo que nos perdonarías todo o que che levamos feito!!!

Pero teño que contarche algo máis, se non é molestia, xa que ademais de non poder vivirte como me gustaría, perdín a posibilidade de disfrutar dos meus pequenos e pequenas do cole, cos que tantas gañas tiña de pasar estes meses e de ensinalles as túas grandezas e observar xunto con todos eles as cousas tan increíbles que eres capaz de crear da nada. E se me permites gustaríame agora dirixirme cara ao meu alumnado.

Súper nenas e nenos, hai que ver quen nos diría que o día que saímos a plantar as hortalizas na escola, alá polo 11 de marzo, ía ser dos últimos días que pasaríamos xuntos na escola!!!!

Vaia broma do destino que de súpeto paralizou todas as ilusións que tiñamos postas nesta primavera.

Para o recordo quedou xa... estas fotos que fixéstedes aquel día.

Que saibades que a natureza seguiu o seu curso e que xa parece que temos cenurias!!!

Moito pedir vai ser agora poder estar todas e todos na escola para colleitalas ...

Aínda que espero, aunque sexa, poder facelo eu e retransmitírvolo por videochamada, vamos o que ven sendo o que chaman a maldita nova normalidade!!!

Bueno, vai sendo hora da despedida, benamada primavera, e me gustaría facelo pedíndoche un único favor.

Non permitas que no que me resta de vida me quede outra vez coas ganas de disfrutarte e sobre todo espero que sepas cómo recompensarnos o esforzo que fixemos este ano, prometemos tratarte infinitamente mellor.



Atentamente.

A profe de 4 anos



UN RECORDO DO MEU PASO POLA EDUCACIÓN INFANTIL.



Primeiros días de cole

ELSA: Aprendín moitas cousas sobre o dixestivo, os pulmóns... gústame moito xogar e estudar os números.



KHLOE: Paseino moi ben cos meus amigos. Gustoume todo: as excursións como cando fomos á granxa, aos bombeiros, á fábrica de conservas e ao centro de saúde. Gústame moito os talleres porque facemos cousas divertidas.



O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

LOLA: Paseino moi ben no cole, tratáronme moi ben. O que máis me gustou o que aprendín sobre os cogomelos. Tamén me gustou que me ensinou a que non se pode gobernar a os meus compañeiros.



SABELA: O que máis me gustou foi xogar despois de facer a ficha, xogar no parque do patio dos pequenos. Pero no me gusta nada estar no recuncho da plastilina.



ESTELA: Gústame a miña clase e que me poñan traballos porque así non me aburro, me gustan tamén os xoguetes da escola porque eu quería un bebé que vin nun vídeo e habíao no cole. Gústame estar cos meus amigos, celebrar cumpleos ...



ERIKA: Gústame moito o cole porque teño moitos amigos e xogar con eles. Aprendín moitas cousas.



MATEO: Traballamos na asemblea todos xuntos. Aprendín as letras, e a ler e escribir. Fun aos bombeiros.



VALERIA: Gústame moito o recreo de fora e facer fichas. O mellor de todo son as excursións, en Belelle o pasei moi ben cos animais, e encantáronme os Bombeiros. Tamén paseino ben cando fomos comer á praia e a ver a fábrica onde traballou a avoa.



ADAY: Gustoume o curso, estar cos meus amigos. Non me gusta moito facer as tarefas. As excursións que fomos gustoume comer cos meus amigos.



NICOLÁS: No recreo saímos ao patio que é só para infantil, aprendín a facer fichas, escribir o meu nome e ler e escribir. Facer fichas é moi guai, despois levámolas para a nosa casa e ensinámolas a nosa nai. Hai días especiais como a biblioteca.. ou como en entroido. No patio de dentro hai un debuxo que fixeron a miña nai e outros dos seus compañeiros.



AINOA: Encántanme as fichas e o recreo, e agora boto moito de menos ós meus amigos do cole. A excursión que máis me gustou foi a dos bombeiros e tamén ir ao monte a plantar a noso árbore.



ELEN:



Ó principio deste último curso chegou a nosa aula un novo compañeiro.

PACO: Me gusta debuxar, xogar e que me lean contos.



No mes de xaneiro incorporouse outra compañeira.

Lucía: Estou feliz de ter amigos novos cos que desfrutei moito pero pouco tempo. Espero volver a velos pronto no cole. Unha parte do curso paseino en Santiago de Compostela onde tamén tiven moitos amigos. Gústanme moito as actividades que facemos no cole, as miñas preferidas son: facer puzzles, pintar e que me lean contos.



CLASE DAS XOANIÑAS



6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Falamos cunha cariñesa que vive no Xapón: Isabel Lage Pita



Isabel é ex alumna do noso cole.



Arquipélago do Xapón. Vista de Tokio

E.- Isa, preséntoche aos nenos e nenas de 1º. Gústalles buscar países no globo terráqueo e un día deron có Xapón, aínda que xa sabían da súa existencia. Eu acordeime que ti estabas alí e pensei en contactar contigo para que nos contes cousas dese gran país

I.- Encantada! Claro que sí..

E.- Empezamos preguntádoche polo tema máis actual e preocupante. Chegou o coronavirus ao Xapón?

I.- Claro que chegou, pero algo máis tarde. Estamos cerca de China. Decretaron o estado de alarma en abril e os coles seguen pechados. Tamén se desbordaron os hospitais. O confinamento non é obrigatorio pero a xente respéctao moito. Canceláronse eventos internacionais como os Xogos Olímpicos de Tokio e a lista de falecidos supera os 13.000.

E.- Poucos países se libran do coronavirus.. A Karen gustaríalle saber

en que medio de transporte viaxaches ao Xapón.

I.- Viaxei 16 horas en avión dende Madrid directo a Tokio. É a mellor forma de facelo dende España.

E.- Manuel pregúntase en que tipo de poboación vives e cantos habitantes ten O Xapón.

I.- O Xapón é un arquipélago formado por varias illas e ten 126 millóns de habitantes. Eu vivo na cidade de Tokio, na illa de Honshu. Tokio é a capital do Xapón, a cidade máis poboada do mundo, con máis de 9 millóns de habitantes. Pero tamén hai pequenas aldeas rurais con casa tradicionais como en Galicia, en perigo de despoboarse. Abundan os templos ou lugares de paz por todos os sitios.



E.- Alejandra quiere saber se en Tokio hai praia ou piscinas bonitas.

I.- Hai unhas praias espectaculares! Nalgunhas practícase shurf. Estamos rodeados de mar. Hai pouco fun á praia de Hiroshima.. Oxalá poiderades desfrutar do que vivín! Sentínme coma dentro dun cuadro de Monet.. As cores se difuminaban entre elas e o ceo estaba completamente rosa. A cidade víase rosa! Coma nunha película..



Praia de Hiroshima

Non fun aínda a psicinas, pero sei que hai aquaparks moi grandes, e claro, piscinas olímpicas.

E.- Africa supón que levas moito tempo sen ver á túa familia de Cariño.. Bótalos de menos?

I.- Hai oito meses que cheguei.. Claro que os boto moito de menos. E tamén aos meus amigos, que son coma familia. Aquí teño xa algúns amigos e ao meu mozo. Síntome “arroupada”.

E.- Claudia pregunta por que mudaches ao Xapón.



I.- Direivos que xa na época do instituto e da universidade sentía gran atracción pola cultura xaponesa: costumes, idioma, música, artes.. Tomei a decisión porque penséi que chegara o momento de descubri-lo e vivir a ventura por min mesma. Ao principio vivía cunha familia xaponesa e cuidaba dos seus fillos. Agora vivo pola niña conta. Estou moi contenta aprendendo o idioma e traballando como profe de inglés.

E.- A Vera interésalle saber a que xogan os nenos xaponeses. Teñen xogos tradicionais?

I.- Claro que teñen. O Xapón é un país moi moderno que respecta moito as tradicións, de todo tipo. Algúns son similares aos vosos xogos. Por exemplo, ao trompo chámalle KOMA, a cometa é o TAKO, as KOKESHI son bonecas de madeira sen brazos nin pernas, os MENKO son os tazos. Teñen unha canicas planas que se chaman OHAIKI, e hai unha especie de diábolo que se

chama TAKETOMBO. Son uns artistas en ORIGAMI ou papiroflexia.

E.- Christian se pregunta como son os parques no Xapón..

I.- Adoitan ser lugares para pasear e facer exercicio, con espazos para xogar. Destacan pola súa vexetación de cerdeiras, árbores típicas do Xapón que agora, en primavera, rebosan de flores. Son impresionantes, con amplas zonas verdes. É como pasear entre nubes rosadas. Este ano os paseos e a celebración da primavera quedaron limitados polo coronavirus. Pero o resto das estacións son igual de bonitas.



E.- Portábanse ben os nenos cos que traballabas? Xogaban na videoconsola?

I.- Os nenos xaponeses teñen fama de disciplinados e obedientes pero tamén son moi revoltosos e travesos.. A veces, recórdanme a Shin Chan. O Xapón ten un alto nivel tecnolóxico, pero os pais non lles deixan moito tempo na videoconsola. O que máis lles gusta é correr e brincar. Eran bos nenos..

E.- Que marabilla!! Moitas grazas, Isa!

I.- A vós, por escribirme! Por certo, mandareivos fotos interesantes. E audios para que escoitedes falar en xaponés. Soa moi gracioso! Ata pronto!

本当にありがとうございました!

(Moitísimas grazassss)

Alumnas e alumnos de 1ªA

ALGÚNS XOGUETES TRADICIONAIS XAPONESSES

Míraos ben e verás que hai algún parecido cós nosos...



TROMPO KOMA



BONECO DARUMA



BONECA KOKESHI



CANICAS OHAJIKI



MENKO (TAZOS/CROMOS)



KARUTA (QUEN É QUEN)



TEMARI (BOLAS LANZAMENTO)



KATETOMBO (DIÁBOLO)



KENDAMA (MARTELO DE PRECISIÓN)



TAKO (COMETA)



A xerminación das plantas no confinamento

Cando o Coronavirus chegou iamos comezar na clase un experimento de Ciencias Naturais. E como non queríamos que o virus nos parase fixémoslo coas nosas familias na casa, para demostrar que podemos vencelo!

Os nenos e nenas de 2º tiñamos unha gran dúbida...poderían xerminar as plantas sen terra e sen luz?

Preparámonos para comezar o experimento con lentellas e fabas.

Buscamos dous botes de iogur, algodón, unha caixa con tapa e unha pouquiña de auga.

Metemos as fabas e as lentellas dentro dos vasos, tapamos con algodón e botámoslles a auga, sen afogar as sementes!



Unha vez feito este proceso para observar se xerminan as plantas sen luz metemos un dos vasos dentro da caixa e pechámolo ben para que non lle entrara a luz e o outro puxémolo na ventá. Agora tocaba esperar...



Aos poucos días comezamos a observar que algo lles pasaba ás nosas lentellas, comezaban a xerminar!



O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

E pouco a pouco fomos vendo como saían as raíces, os talos e as follas.



Pero que pasaba coas sementes que estaban agochadas dentro da caixa... medraron un pouquiño menos e o talo saíu de cor branco. Descubrimos que as plantas medran igual pero fáltalles a luz do sol e non poden realizar a fotosíntese para activar o pigmento da cor verde.



Decidimos deixar de castigalas na escuridade, sacámolas á luz e incluso algunhas plantámolas na terra, conseguiremos que saian os froitos?



O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

E como somos moi obedientes quedamos na casa facendo moitas máis actividades divertidas coas familias.



Alumnas e alumnos de Segundo


O COVICONTO QUE VIAXOU DE CASA EN CASA

Esta historia ,que a continuación se vos conta , foi imaxinada e creada polo alumnado de 3º de Primaria dende os seus respectivos fogares. Cada un fixo unha achega seguindo unha idea e un fío narrativo. Remamos todos/as xuntos e, como veredes, foi tomando forma e senso a medida que ían avanzando. Quero dar as grazas ás familias pola colaboración e a súa paciencia. Esperamos que vos guste. O resultado é o seguinte:

1

“UNS PEQUENOS SALVADORES”

Eu xa nin me acordo, pero contan os que o viviron que certo día, fai xa uns cantos anos houbo unha pandemia dun virus chamado coronavirus. Este virus era moi contaxioso e perigoso e, por iso, uns alumnos e alumnas de Cariño que cursaban 3º de Primaria quixeron loitar contra o bicho para axudar as persoas...



Eva


Conta a historia que estes nenos e nenas eran moi valentes, todo o que se propoñían, conseguían. Eran bos compañeiros e xuntos sempre intentaban atopar unha solución a calquera problema, por moi difícil que fora. Por iso, estaban seguros de todo ía a saír ben. (Daniela)




Daniela

Preme para escoitar o coviconto.

Din por aí, que foron todos ao Concello a pedir axuda ao alcalde, pero non lles fixo moito caso. Decidiron ir a un laboratorio a atopar unha cura, pero en Cariño, non había laboratorios. Entón..., puxéronse todos de acordo en ir a Ferrol. Estaban dispostos a facer o que fora para conseguir solucionar aquela pandemia. (Ian)



Marcharon para Ferrol nun autobús e chegaron a un laboratorio, pero non os deixaban entrar. Tiveron que esperar a que fora de noite para colarse dentro. Traballaron toda a noite e atoparon unha posible cura. Quixeron volver para Cariño, pero xa non estaba o autobús. (Pablo)



Un pouco desanimados pero sen renderse, a un deles, ocorréuselle que podían acercarse ao porto e alugar unha lancha e,

así ,poder marchar de Ferrol . Dese xeito o fixeron pero, na metade do camiño... ,acabóuselles a gasolina. (Carmen)



Carmen

Cando comprobaron que non tiñan máis combustible e o motor non se poñía en marcha, asustáronse un pouco. De repente, un deles gritou: Compañeiroos , aquí temos uns remos! .Entón , entre todos puxéronse a vogar ata o peirao de Cariño. Cando xa estaban todos cansos e empezaba a romper o día viron sobre o horizonte unha embarcación que se dirixía cara a eles(Aitana).



Aitana


Mirades rapaces, di con ledicia unha das nenas....é o barco da policía!!!. Todos estaban un pouco asustados,sabían que fixeran algo que non estaba de todo ben.

A policía remolcounos ata terra e meteulles unha multa porque os viran entrando no laboratorio e, pedíronlles que devolveran o roubado. Lucas tiña a cura escondida nun lugar secreto e Samuel enganounos dándolles outra cousa que tiña no peto.(Alex)



Alex

Atopáronse nun bo problema cando ao chegar a terra déronse conta de que non tiñan cartos para pagar a multa. Unha das nenas, Alba, dille ao resto dos rapaces e rapazas que poden xuntar os seus aforros para pagala e saír xuntos daquela situación. Xuntaron o que tiña cada un, pero non lles chegaba. Entón decidiron contarllo aos seus pais. (Alba)



Alba

Despois de moito falar cos pais, de contarlles moitas veces o que acontecera, por fin conseguiron que os creran . Decidiron que con 500€ xa estaría a multa paga, pero agora quedaba o máis difícil,

como farían chegar a curar a todas as persoas?. Pois ben,...unha noite, coláronse no depósito da auga da vila e verteron parte da apócema que curaría a todo o mundo , pero... ,quedáronse coa pregunta....sería eficaz?... (Iria).



Iria

Despois de dúas semanas, escoitaron nas noticias que nun pobo costeiro existía una cura para o coronavirus. Pero só os nenos e as nenas daquela aventura sabían onde estaba a apócema. (Álvaro)




Álvaro

Entón, entre eles puxéronse en contacto por whatsApp, gardándose dos seus país, xa que estaban confinados na casa por orden do goberno. Pouco despois xa se podería saír unha hora ao día. Por iso, acordaron encontrarse no paseo marítimo para así

buscar unha solución. Despois de moito deliberar decidiron que tiñan que falar con Deli do tema, que era a persoa de confianza que os podía axudar. Todos estaban de acordo en dicirlllo a súa profe ...(Álvaro)

Conseguiron poñerse en contacto con ela, quen estaba fascinada co que estaba a escoitar. Lucas seguía tendo o resto da apócema gardada. Falando coa súa confidente e pensando e pensando, ocorréuselles unha idea. Despois de comprobar que aquel líquido daba resultado, Lucas e a súa familia, botaríano no depósito da auga de Sismundi, e así, poderían seguir comprobando se funcionaba para logo, entre todos, facer máis no laboratorio do cole coa axuda de Deli. Despois levaríana aos depósitos da Pedra, Feás e Landoi. (Aroa)



E si, funcionou en todo o Concello!!!. A xente comezou a mellorar e a curarse . Puxéronse a traballar todas as noites no laboratorio do cole para facer máis cantidade desa apócema e así, curar ao resto do mundo. Agora xa tiñan quen lles abrira a porta, a súa titora e ademais, tiñan o permiso dos pais. Pero encontráronse que lles faltaba un ingrediente, necesitaban máis follas de castiñeiro.

(Ainhoa)



Ainhoa

Natalia dixo que lle pediría a súa familia que a acompañara ao monte. Alá foron xuntos , a buscar follas de castiñeiros para levar ao laboratorio. Así, poderían seguir fabricando a apócema para conseguir librar á xente desta pandemia. Cando a viron chegar con tantas follas puxéronse moi contentos. (Natalia)



Natalia

O ingrediente funcionaba, a apócema era eficaz e seguían empeñados en facer que chegara a todo o mundo. Mais ,quedáronse curtos, non era suficiente!!. Necesitaban máis.(Marcos)



Marcos

Manuel moi alarmado, pensou en como solucionalo. Propuxo volver falar co alcalde, esta vez faríalles caso, tiñan probas de que aquel composto era eficaz e tiñan a receita. Así o fixeron e o alcalde aceptou recibilos. Convencérono e pedíronlle axuda para elaborar máis apócema. Levounos ata o presidente da Xunta. Este quedou abraiado con todo o esforzo daqueles rapaces para conseguir a cura. Decide axudalos e pon a súa disposición o mellor laboratorio e o mellor persoal para que os axude.(Manuel)




Manuel

Nuns días os rapaces conseguiron elaborar a cantidade necesaria para curar a millóns de persoas. Esta nova chegou ata a Moncloa. O presidente do goberno convidounos os e prometeulles poñer ao seu lado os medios necesarios e ao persoal máis cualificado para distribuír a cura por todo o mundo.(Manuel)


Entón o presidente do goberno díxolle ao ministro de sanidade que axudara a eses nenos e nenas a publicar a gran noticia e a vender á cura. Tiveron a idea de envasala en formato de tetrabricks pequenos, como os de zume, así, ademais, poderíanse reciclar. (Samuel)

9



Despois de que a apócema curadora chegara a case todo o mundo, axudados por todos os Gobernos , Manuel recordou que lles faltaba China. Os chineses foron os que máis sufriron aquela pandemia. Sabían que non poderían ir a China por problemas graves de contaxio. Entón Pablo, un dos rapaces , díxolles que tiña un tío que traballaba nos avións de carga. O tío deste neno aceptou a proposta de axudarlles. Xuntos, unidos sempre, puxéronse a cargar a apócema no avión axudados por moitos voluntarios e voluntarias. Agora tiñan que facer que chegara a todos os depósitos de auga da China.....(Sara)

10



Despois de moito pensar, Aroa propuxo ir falar cun compañeiro chamado Oscar, o cal era chino, aínda que vivía en Cariño. Logo de tratar con el e a súa familia, estiveron dispostos a contactar cun irmán do pai do neno, que traballaba na depuradora máis grande de China. O parente de Oscar púxose en contacto co goberno chino. Aínda que primeiro dixeron que non, despois de contarlles que a apócema curara á xente doutros países, pensárono mellor e decidiron, que botarían a apócema en todas as depuradoras do país.(Lucas)



Pasaron tres días e a xente empezou a curarse grazas a apócema. Pasado o tempo, os dirixentes de todos os países quixeron agradecer a toda a clase de 3º e a todas as persoas que fixeron posible que o mundo enteiro se curase . Deste xeito obtiveron moitas axudas económicas.Os nenos e nenas de 3º alegráronse moito polo que gañaran coa venda da apócema e tamén, coa axuda que recibiran dos países. Decidiron facer unha ONG que se chamaría “Cariño contra o coronavirus ea pobreza”.Os nenos e nenas de 3º comezaron outra labor super importante: repartir comida e así axudar aos máis necesitados. Aínda así, sobraronlles cartos para construír un laboratorio onde se investigara e se crearan apócemas contra as pandemias.Para rematar direivos que os nenos e nenas de terceiro e máis Deli (que foi un gran apoio para todos eles), foron famosos no mundo enteiro e pasarían á historia como heroes e heroínas.(Lucas)



Lucas

Si, estes nenos e nenas tan pequenos en tamaño e, tan grandes en xenerosidade e solidariedade deron unha lección ao mundo. Organizacións mundiais, como a ONU (Organización de Nacións Unidas) ou OMS (Organización Mundial Da Saúde), premiáronos


e invitáronos as súas sedes para que contaran a súa aventura, que falaran da súa valentía e da súa coraxe. Saíron en todos os xornais, na radio e nas televisións de todo o mundo. Estaban tan felices...!!! polo que logran!, de ter podido axudar!, de contribuír cunha solución a aquel grave problema tan serio!, de vencer aquela pandemia que retou ao mundo enteiro !!! E, que dicir da súa titora e as súas familias, non podían sentirse máis orgullosos e orgullosas!!.

Estes nenos e nenas ,por suposto, tiñan un nome. Eran: Eva, Daniela, Ian , Pablo, Alex, Iria, Álvaro, Aitana, Alba, Isabelly, Aroa, Ainhoa, Carmen, Marcos ,Natalia, Manuel, Sara, Samuel e Lucas . Aprenderon que uníndose, confiando e nunca rendéndose pódense conseguir cousas que as veces parecen imposibles. (Deli)

Colorín colorado esta historia rematou.



Preme para escoitar o coviconto.



Alumnas e alumnos de terceiro.

A nosa primeira saída

Como a maioría de vós, as nenas e nos de 4^º de Primaria estaban desexando poder saír a rúa, aínda que algún tiveron sorte de vivir en casas con campos.
¡ Deixámosvos algunhas das nosas primeiras impresións o saír de novo!

Antes de saír lavei os dentes e puxen a máscara. Saín co miña nai ata a praia e dunas, eu sentíame contento porque por fin saía á rúa e víñ que os animais teñen sorte porque son libres.
De camiño a casa atopeime cun amigo meu na ventá da súa casa e saudeille.
Cando cheguei a casa quitei a máscara e os tenis deixéinos na entrada.

Kevin Quiza

O primeiro día que saín á rúa estaba moi contenta. Saín co meu pai e co meu irmán. Antes de saír puxémonos as máscaras e a miña nai sáconos unha foto, tivemos que baixar polas escaleiras para non tocar os botóns do ascensor. Fun a dar un paseo ao espigón e despois polo paseo marítimo. Esperábame que houbera máis xente porque só víñ a catro persoas. Era pola mañá, se cadra pola tarde hai máis xente. Pasoume a hora moi rápido porque mo pasei moi ben. Ao chegar a casa láveme as mans e púxenme a xogar.

Sofía

Quero explicar, antes de nada, que eu xa podía saír á miña leira co meu can, podía xogar e correr polo campo, pero non fóra. Agora que podo, o km non me dá para chegar a agarimo (centro) xa que vivo nunha zona apartada, así que paseamos (o meu pai e eu, ou a miña mamá e eu) polo monte, por carreiros ou camiños rodeados de natureza. Como non me atopei a ninguén, non levei máscara (tampouco a tiña). Cando chego a casa me descalzo fóra, lavo ben as mans e desinfecto. Onte saín con papá e collemos 30 ou máis careixones, imaxínome que era que ninguén pode pasar por alí e non os collían porque nunca víra tantos xuntos. Tamén me fixei no ambiente que había. Solitario pero moi natural. Respiramos aire puro e tamén podemos levar ao meu can Nano.

Raúl

Antes de saír, meu pai díxome que non tocáramos anda nin nos acercáramos a xente cando baixáramos.
Collín a bici e púxenme a dar volta na rúa. Tamén xoguei co coche teledirixido, e axudei a meu irmá a montar en bici con marchas. Pasámolo moi ben, e logo miña nai tamén estivo xogando con nós.
Logo, cando subimos, quitámonos os zapatos para non metelos na casa, lavamos ben as mans e logo duchámonos.

Xabi

O primeiro día que saín a rúa despois de estar máis de 40 días encerrado na casa saín moi contento. Foi sobre as 5 da tarde. Fun ca miña nai a dar un paseo bastante longo cerca da praia e como xa non estaba acostumado a andar tanto doíanme as pernas. Entón marchamos para casa e segundo cheguei, fun o baño directo a lavar as mans.

Diego

Eu non saín ata pola tarde. Primeiro comemos e descansamos un pouco e despois sobre as 5 fomos dar un paseo. Fun ca miña nai e meu irmán co meu pai, mantendo a distancia de seguridade. Dimos un paseo pola pista e atopámonos con Miguel o de clase, que ía co seu irmán. Saudámonos ca distancia suficiente, despois baixamos pola estrada de volta a casa. Mamá máis eu fomos ver o que tiraron na ponte e cando íamos xa cara casa encontrámonos con Sofía, amiga do meu irmán. Cando chegamos a casa descansamos un rato e vímos a tele ata a hora de cear.

Iván

Eu non saín porque teño un xardín. Téño lle medo ao coronavirus e ningún día teo ganas. Se quero saír podo facelo ó xardín porque alí non hai xente como pode haber na rúa, e no xardín podo saltar e xogar.

Zeltia

Domingo 26 de abril, despois de 44 días, por fin puídemos dar un paseo. Nós, como somos 4 irmáns decidimos ir ca miña nai 2 e meu pai cos outros 2. Nós decidimos ir ao mirador para non atopar a tanta xente. Vimos cabalos e vacas, e tivemos que parar un bo anaco porque miña irmá pequena quería velos. Despois de case vinte minutos seguimos camiñando ata o mirador. Collimos cereixas, comemos pipas e un chupa. Na volta volvemos a parar onde os animais e o final da camiñata chegamos a casa. Nada máis chegar lavamos ben as mans.

GUSTOME MOITO!

Aimar

O primeiro día fomos que nos deixaron saír á rúa, meu irmán máis eu co meu pai, pero antes de saír non nos podíamos esquecer as máscaras. Meu irmán levou o patinete e unha pelota e eu a miña cadela "Lisi", polo camiño atopámonos a amigos como Zaira, Carolina e Miguel, pero tivemos que saudarnos a 2 metros de distancia. Fomos a parte de atrás do cole e os tres xogamos un pouco a pelota, xa que non se pode xogar entre amigos. Despois, fomos polas táboas e soltamos a Lisi e non para de correr detrás do patinete do meu irmán. E así rematou o noso paseo.

Daniela

Antes de saír a rúa estaba impaciente por saír da casa...porque levaba máis dun mes sin saír, esperando a que chegara el domingo 26 de abril. Fun co meu pai de 13:00 a 14:00. Antes de irmos, puxemos as máscaras e os guantes, por prevención. Pasamos por Cariño de Arriba, encantáronme as vistas dende alí arriba e como se vían as casas ao lonxe... ata vín a miña! Tamén gustoume moito o porto, os barcos, o mar, as praias da Concha e a de a Basteira... e todo o paisaxe en xeral. Ao chegar a casa, non estaba moi cansa... e foi un bo paseo!

Carolina

O EPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

En canto nos esperamos, meu irmán quería saír o antes posible, así que vestímonos, almorzamos e antes de saír preparamos unha mochila con. Auga, alcohol e algún xoguete. Fixemos plans de a onde iamos ir, puxémonos as máscaras, collemos as bicis e fomos ca miña nai as 11.30.

Dímos unha volta polo paseo marítimo, fomos ao río e, como non había ninguén, xogamos ao frisbí na area. As 12.30 estábamos de regreso na casa. deixamos o calzado fóra, lavamos as mans e duchámonos.

E aínda que solo foi unha hora, pasámolo moi ben!!!!

Kira

O primeiro día que saín de casa, dende que empezou a cuarentena, foi o domingo. Saín pola tarde co meu irmán e meu pai fomos polo camiño do Lourido, que é un camiño polo que pasa pouca xente, de feito, non nos cruzamos a ningúen.

A longo do camiño hai un río e unha pequena cascada que apenas tiña auga. No río, nadaba un bicho que parecía un mosquito e estaba cheo de pedras.

Collemos "careiscós" que é como se lle chama aquí as fresas salvaxes, e as comín eu todas, porque meu irmán non as quixo. Estaban moi ricas!!

Ao chegar a casa bebín un vaso de auga porque estaba sedento, facía moito tempo que non camiñaba. Gustoume moito saír da casa!

Miguel

Fun ca miña nai de paseo. Eu levei o patinete e a miña máscara. Despois fomos pola Rúa do Carme e pola Praza das Cadeas. Tamén fomos pola Fonte Vella e saudamos a meu tío-bisavó (ten 91 anos) e facía 44 días que non vía. Baixamos pola Rúa do Carril, fomos pola Plaza Roxa, dimos volta a rotonda e fomos par casa. Cando chegamos quitamos as mascarar e desinfectamos o patinete.

Patricia

A verdade é que cando saín a rúa non sentín moita ilusión, xa que non podo xogar cos meus amigos e amigas.

Bueno, pero algo de felicidade sí. Mes e medio sen tocar unha baldosa de cemento.... demasiado tempo, aínda que unha vez tirei un avión de papel pola ventá e baixeí a buscalo.

O primeiro día que saín fun ca miña nai en bicicleta ata o espigón, escaleí polas rocas e volvendo a casa pareí a falar cun amigo, pero respectando a distancia de seguridade.

Hugo

O primeiro día que saín á rúa foi ca miña irmá e ca miña nai. Estabamos moi contentos!

Ao principio falamos de a onde poderíamos ir, e o final decidimos ir o peirao pequeno. Saímos as 13.30, mentres meu pai facía churrasco no patio da casa.

Paseamos polo peirao, vimos cangrexos. Miña irmá máis eu queríamos collelos, pero estaban un pouco lonxe nas rocas. Logo collemos conchas da praia. Canso nos dimos conta xa era a hora de volver.

Ademais en todo momento empregamos a protección e estando fóra sentímonos moi alegres e libres. Ao chegar a casa lavamos ben as mans e puxémonos a comer, pois tiñamos moita fame!!

Martín

Cando saín sentínme moi pequeno, picábanme as pernas porque levaba moito tempo sen camiñar. Aínda que faga algo de deporte na casa, non é o mesmo.

Cando saín, púxose a chover e estaba a punto de volver a casa un pouco chafado pero parou moi pronto. Fun polas dunas e alí divertínme, pero ao paseo marítimo non fun porque pensei que habería moita xente.

Logo volví a casa e lavei ben as mans.

Ismael

Alumnas e alumnos de cuarto.

COVID-CREACIÓNS 80

Debido ao brote epidémico do COVID-19 (coronavirus),, ao inicio da pandemia, botamos a voar a nosa imaxinación e decidimos elaborar un conto colaborativo entre todos/as. Cada un de nós escribiu unha parte, este é o resultado...

Eu Fico Na Casa #EFNC

Había unha vez un virus chamado Coronavirus que quería contaxiar a todos os habitantes do mundo enteiro. Este virus pechou colexios, establecementos, tendas... Fixo que todos os habitantes das cidades e pobos ficasen por unha tempada nas súas casas. Foron pasando cousas increíbles. A xente só podía saír da casa para comprar o imprescindible.

Nunha casa había un neno e unha nena que eran irmáns, Ana e Manuel, e non sabían que facer para divertirse. Gustáballes moito xogar no parque, pero debido ao Coronavirus non podían saír. Pensaron, pensaron e pensaron que facer para divertirse e á nena ocorréselle unha idea: podían crear manualidades con papel de cores e pegalas na ventá, poñerían no papel: TODO VAI SAÍR BEN! EU FICO NA CASA. E así, os veciños mirarían as súas preciosas manualidades e dirían: Que bonitas!

Un día, Ana e Manuel estaban moi aburridos, non sabían que facer. O Coronavirus (COVID-19) estaba a deixalos moi tristes e enfadados por non poder ir xogar ao parque cos seus amigos. Manuel tivo unha gran idea, axudar ás persoas maiores do seu edificio, coidar aos nenos pequenos dos seus veciños... A Ana parecelle unha idea xenial e puxéronse a axudar a todos os veciños. Cada día que pasaba Ana e Manuel sentíanse máis felices de axudar a tanta xente, para poder combater o Coronavirus.

Pero era moito traballo para eles e cando Ana e Manuel remataban, estaban cansos, moi cansos. Entón decidiron que só se podían dedicar a unha cousa e pensaron que era máis convinte coidar das persoas maiores: facerlles a compra, as tarefas do fogar...

Ao deixar de coidar aos nenos e ás nenas o tempo facíaselles moi longo e volvían estar aburridos. A Ana ocorréselle unha gran idea para matar o tempo: fixeron un forte e imaxináronse un gran país onde eles eran os reis e raíñas. Nese país non existía o coronavirus polo que decidiron quedar alí. Pero como en todos os xogos un acábase aburrindo de tanto xogar e xogar. Así que pensaron noutra cousa para divertirse, entón Ana dixo: e se construímos unha base antivírus dentro da casa co material que temos? Ana e Manuel empezaron a construír a base e tardaron moito tempo, pero valeu a pena. Quedaron vixiando ata moi tarde para que os seus familiares non se contaxiasen polo coronavirus. Mentres vixiaban a base enfrontáronse a moitas cousas: un dragón vermello e azul, un can de tres cabezas, un plátano con ollos xigantes...

Pero como todo iso só era froito da súa imaxinación, axiña se aburriron da base e dixerón: imos facer o país das marabilla. Puxéronse mans á obra e empezaron a pensar como construír ese país marabilloso. Colleron colchóns e fixeron unha cabana, meteron provisións e escondéronse. Entón tiveron sono, quedaron durmidos e empezaron a soñar... Nese sono, Manuel e Ana eran superheroes e superheroínas, pero non dos cómics, non, Manuel era médico, cada día coidaba das persoas enfermas por coronavirus no seu hospital, mentres que Ana, que era científica, estaba moi preto de atopar a vacina que nos faría gañar esta batalla...

E colorado colorín... Este conto chegou á súa fin!

Despois de 43 días de confinamento, por fin as nenas/os puidemos saír da casa e gozar dun paseo ao aire libre. Estas son as nosas experiencias sobre...

O ESPERADO DESCONFINAMENTO!!!

Despois de 43 días de confinamento, por fin os nenos/as puidemos saír da casa e gozar dun paseo ao aire libre. Estas son as nosas experiencias sobre o esperado desconfinamento ...

Eu sí saín á rúa, e paseino moi ben. Estiven na rúa unha hora e non puiden andar máis dun quilómetro de distancia desde a miña casa, e deume tempo nunha hora a dar dúas voltas.

Fun coa miña nai e a miña irmá Paula; pasei polo colexio, encontreime con compañeiros da miña clase como Saray ou Adrián e tamén a outros nenos da escola.

Eu fun andando, pero encontrei a nenos en bicicleta, outros en patines, patinetes... Non atopei moita xente pola rúa.

Encantoume saír á rúa, porque despois deste confinamento, facíame moita falta saír da casa, dar un paseo, estar ao aire libre... Estaban todos os parques cerrados cunha cinta da policía.

E por suposto, fun camiñando respectando os metros de distancia entre as persoas.

Eu non saín porque eu podo xogar no xardín, xa que teño casa. Estiven vendo pelis, pero hoxe si que vou saír.

Onte eu saín pola tarde e todo me parecía grande. Estiven dando unha volta có meu pai e o meu irmán, preto da miña casa, coa bicicleta.

Onte saín pola tarde e atopeime con moita xente. Da clase só me atopei con Paula e con Adriana. A verdade é que me alegrei moito cando descubrín que podíamos saír, estiven contando os días. Falei con moita xente, pero claro, sempre respectando a distancia de seguridade. Ao principio, miña nai díxome que non me ía sacar á rúa porque, se só podíamos ir ao supermercado e as farmacias, alí non me ía levar, porque era onde máis xente había e polo tanto... podía acabar contaxiada. Pero logo, coa rectificación do goberno, xa puiden saír.

Onte por fin puiden saír a rúa. Que emoción!!! Só podemos ir unha hora, como máximo un quilómetro e unha saída ao día. Eu fun coa miña nai e coa miña irmá Adriana. Eu quixen ir ata o cole. Estaba todo igual, menos a herba que estaba moi alta, hasta crecía por dentro das rodas! Ao principio, mentres ía cara ao colexio camiñando, non me atopei con ningúen. Despois subín por unha rúa e alí tampouco me atopei con ningúen. Como aínda me sobraba moito tempo, fomos ata o paseo marítimo, ao límite que nos deixaba o quilómetro. Estaban todos os parques cerrados, pero eu xa sabía por que. Á volta xa me atopei con alguén... e eran da miña clase! Atoeime con Adrián e a súa irmá e despois con Saray e o seu irmán. Que alegría velos despois de tanto tempo! A min gustárame encontrarme con máis compañeiros. Sempre fun respectando os metros de seguridade e a miña nai e a miña irmá tamén.

Eu saín á rúa unha hora para pasear ao meu can, xogar ao fútbol e correr pola rúa.

Eu non saín aínda, pero vou saír cando remate de facer as tarefas, vou ir a dar un paseo pola area coa miña nai e o meu can.

A verdade é que eu teño sorte porque podo xogar no meu xardín e no meu terreo, pero despois de facer os deberes irei ó peirao coa miña nai, coa miña irmá e co meu can. Xogarei co meu can tirándolle paus para que os colla, aínda que non creo que me faga caso porque vai estar intentando coller as gaivotas.

Non me vai facer falta levar posta a máscara porque sei que non me vou atopar con ningúen, pero por si acaso... vouna gardar no peto e se vexo vir a alguén... póñoa.

Onte saín a rúa coa miña nai e meu irmán. Paseino moi ben, pero o único que puiden facer foi dar unha volta ao paseo marítimo; o de que non se pode ir máis afastado dun quilómetro fastidioume a saída.

Eu saín a rúa co meu pai e o meu can porque temos unha lancha e fúmola achicar. Para min non era moita novidade saír da casa porque eu vivo na aldea e saio todos os días á miña finca.

Tamén investigamos sobre as **células** e aproveitamos materiais de refugallo para facer algunhas. Esperemos que vos gusten e que vos animedes a facelas vós tamén!



O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

Despois de repasar o tema do espazo buscamos información para afondar no coñecemento das nebulosas. Nesta investigación descubrimos que as **nebulosas** son rexións do espazo que semellan grandes nubes e que están formadas principalmente por gas e pó. Ás veces as estrelas fórmanse a partir das nebulosas, e outras veces as nebulosas son restos de estrelas que se atopan extintas. No espazo hai gran cantidade de pó e gases (principalmente hidróxeno e helio) que a gravidade pode xuntar para formar estrelas. As nebulosas atópanse no espazo interestelar (existente entre as estrelas).

A nebulosa coñecida que se atopa máis preto da Terra chámase Nebulosa Helix e atópase aproximadamente a uns 700 anos luz da Terra. Moitas nebulosas reciben nomes diversos, como a nebulosa do cangrexo, a da cabeza de bruxa, a de cabeza de cabalo, a da formiga...

Despois divertímonos creando as nosas propias nebulosas nun tarro de cristal.





E.. como non!!! Pasando tanto tempo na casa tamén tivemos tempo para cociñar en familia. Estas son as nosas apetitosas **recetas**. Mmm...



BISCOITO DE LIMÓN

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
3 ovos 1 vaso de azucre 1/2 vaso de aceite 1 vaso de leite non cheo 1 sobre de lévedo en pó Raiadura de limón 200g de fariña	Batir os ovos, engadir os demais ingredientes pouco a pouco ata que quede unha masa esponxosa, pero non líquida. Meter no forno aproximadamente 40 minutos.

BISCOITO DE IOGUR

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
- 1 iogur natural - 3 ovos - 1 cáscara de limón raiada - 1 culler de aceite - 1 sobre de lévedo en pó - 2 medidas de iogur de azucre - 3 medidas de iogur de fariña - Manteiga para engraxar	Batemos os ovos e mesturámolos ben co azucre. Despois botamos o iogur, pouco a pouco, mesturando ben. A continuación engadimos a fariña, a raiadura de limón e o aceite. Mesturamos todo con fundamento e, por último, engadimos o lévedo en pó. Engraxamos un molde con manteiga e vertemos a mestura do biscoito no molde.

O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

- Para decorar: 200 gramos de nata montada e 50 gramos de guindas	Enfornamos a 160 graos durante 1 hora aproximadamente. Secámolo e deixámolo arrefriar. Volcámolo unha vez frío e decorámolo coa nata montada e as guindas. Hai que batelo cunha batidora de varillas.
---	--

TORTILLA ESPAÑOLA

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
2 patacas 4 ovos Aceite Sal	1. Pelamos as patacas e cortámolas en anacos pequenos. 2. Nunha tixola quentamos o aceite, cando estea ben quente, botamos as patacas e fritímolos. 3. Cando xa estean fritidas, escurrimos o aceite. 4. Nun bol batimos os ovos e botámoslle unha pizca de sal. 5. Botamos as patacas nos ovos batidos e remexémolos. 6. Na tixola onde fritimos as patacas, unha vez quente, vertemos esta mestura. 7. Esperamos a que se coza por un lado e dámoslle a volta cun prato, esperamos a que se coza polo outro e sacámola. XA TEMOS FEITA A NOSA TORTILLA DE PATACAS!

FILETES DE MERLUZA REBOZADOS

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
Filetes de merluza (sen pel nin espiñas) Dous ovos Fariña de trigo Fariña de millo Sal Pementa	Primeiro salpimentamos os filetes de merluza e reservamos. Mesturamos nun prato a fariña de trigo e a de millo a partes iguais. Batemos os ovos nun prato fondo. Rebozamos os filetes de merluza coa mestura das fariñas e logo pasámoslos polos ovos batidos e fritímolos nunha tixola con abundante aceite de oliva bastante quente. Cando os filetes estean doradiños retíranse a un prato con papel absorbente para quitarlle o exceso de aceite e xa están listos para servir.

BISCOITO CASEIRO

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
- 3 ovos - 250 g de azucre - 250 ml de leite - 250ml de aceite de oliva (aínda que nós botámoslle só un vasiño) - 1 sobre de lévedo en pó - A raiadura dunha laranxa - 250g de fariña	Batimos os 3 ovos, botamos o azucre e volvemos a batir, engadimos o aceite, despois o leite, entre un ingrediente e outro batimos ben, logo a raiadura da laranxa. Mesturamos o lévedo coa fariña e logo mesturámolo co resto. Preparamos o molde onde imos quentar o biscoito, poñéndolle un poco de mantequilla polo borde ou podemos poñerlle un papel especial para o forno. Botamos a masa no molde e, antes de metelo no forno, esparcimos por enriba canela mesturada cun pouquiño de azucre.

O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

- Unha pizca de canela moída	O forno a 175º/180º arriba e abaixo durante 30/40 min, máis ou menos porque se tedes un forno como o meu leva 1 hora!! Para saber se está listo tedes que pinchar o biscoito con algo finiño (nós usamos unha agulla de calcetar) e se sae limpiño é que o biscoito está listo.
------------------------------	--

TIRAMISÚ

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
- 1 base de biscoito dividida en 3 anacos - 1 tarrina de queixo mascarpone (500 gr) - 5 ovos - 1 vaso de café - 8 cadrados de ron - 150 gr de azucre - Cacao amargo (espolvorear)	<ol style="list-style-type: none">1. Separar as claras das xemas en 2 recipientes.2. Batir as xemas ata que se poda escribir nelas co azucre e logo añadimos o queixo mascarpone e batir ata que se mesture.3. Batir as claras a punto de neve y botalsa na mestura anterior (xemas + azucre + queixo mascarpone) pero sen batir, removendo para que non baixe o volume e o deixámolo reposar.4. Mollamos o biscoito co café e o ron mesturados previamente.5. Colocamos 1 base de biscoito e enriba botamos a mestura de ovos + azucre + queixo, outra base enriba e outra vez a mesturar, outra base enriba e a mesturar. Por enriba espolvoreamos o cacao amargo e o metémolo na neveira aprox. 1 hora.

TORTITAS

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
1 taza de fariña ¾ dunha taza de leite ½ culler de lévedo en pó 1 pizca de sal 1 ovo 2 culleres de azucre 2 culleres de aceite de xirasol Nocilla (opcional)	<ol style="list-style-type: none">1.- Botamos todos os ingredientes (menos a Nocilla) nun recipiente.2.- Poñemos unha sartén ao lume, collemos un anaco de papel de cociña e botámoslle aceite para que non se pegue a masa.3.- Imos botando pouco a pouco cunha caza.4.- Botámoslle a Nocilla por riba e... A comer!!!

BISCOITO DE CHOCOLATE

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
4 ovos 150g de fariña 50g de cacao en pó Lévedo en pó 125g de azucre 180ml de leite	Batimos os ovos co azucre, botámoslle o leite, xuntamos a fariña, o cacao e o lévedo. Agregamos esta mestura aos ovos e ao azucre. Botámolo no molde e ao forno 35 minutos a 180 graos.

CREPES

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
125g de fariña Dous ovos 250ml de leite 50gr de manteiga 5gr de azucre 1 pizca de sal Un pedaciño de manteiga para untar a tixola	Funde a manteiga introducíndoa no microondas durante 30 ou 40 segundos. Pon nun vaso de batidora o leite, a manteiga fundida e os ovos. Engade a fariña, o azucre e o sal. Tritura todos os ingredientes e pasa a mestura por un coador para eliminar os grumos. Unta unha tixola antiadherente co pedaziño de mantequilla coa axuda dun pincel ou brocha. Pon a quentar a tixola a fogo medio. Verte un pouco de masa e espárcea ben por toda a tixola, cando calle dálle a volta e cocíña brevemente polo outro lado.

LIONESAS DE NATA

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
-1 60gr de fariña de pastelería - 250ml de agua - 3 ovos l - 100gr de manteiga - Un chisco de sal	1) Nunha pota quentamos a auga, o azucre, a manteiga e unha pizca de sal a temperatura media. 2) Cando empece a ferver, engadir a fariña tamizada. Revolvemos sen parar ata formar unha masa que se despegue da pota. Retiramos do lume e seguimos removendo ata ter unha masa uniforme. Deixamos arrefriar. 3) Engadimos os ovos un por un ata obter unha pasta cremosa. 4) Introducímola nunha manga pasteira e sobre un papel de forno debuxamos pequenas pilas. Pintámoslos con ovo batido. 5) Introducimos no forno (quentado previamente) uns 20 minutos a 200 °C (con ventilador). 6) Cando estean listos deixámoslos arrefriar por completo. PARA ENCHER E DECORAR 7) Montamos a nata incorporando a culler de azucre en forma de choiva sen deixar de bater. 8) Partimos as lionesas pola metade e con unha manga pasteira enchemos o interior con nata. 9) Antes de servir espolvorear con azucre glass.

TORTA DE QUEIXO, CHOCOLATE BRANCO E FRAMBOESA

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
180 gramos de chocolate branco. 400 gramos de queixo branco cremoso para untar. Raspadura de medio limón. 125 ml de nata para montar.	1- Fundir o chocolate negro coa manteiga. Triturar as galletas e mesturar co chocolate. 2- Cubrir o fondo dun molde desmontable de 20 cm previamente forrado con papel de forno. Espremer co dorso dunha culler e deixar arrefriarse na neveira un mínimo de media hora. 3- Fundir o chocolate branco e deixar arrefriarse uns minutos. Quentar o auga sen que chegue a ferver e

O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

<p>100 gramos de framboesas e 150 para a cobertura. 2 follas de xelatina e 1 para a cobertura. 60 ml de auga e 30 ml para a cobertura. BASE: 50 gramos de chocolate negro 100 gramos de galleta tipo “digestive” 50 gramos de manteiga COBERTURA: 2 cucharadas de azucre</p>	<p>engadir as dúas follas de xelatina que con anterioridade hidratáramos en auga fría. 4- Batir o queixo crema coa raiadura de limón, o chocolate fundido e a xelatina. 5- Verter unha parte da preparación no molde coa base da galleta. Repartir unhas cantas framboesas e repetir alternando a crema coas framboesas. Deixar arrefriarse 2 ou 3 horas no frigorífico. 6- COBERTURA: Poñer as framboesas nun cazo ao lume xunto co azucre e a auga. Cocer durante 5 minutos ao lume medio, triturar e pasar por un coador. 7- Engadir a folla de xelatina previamente hidratada en auga fría e escorrida. Mesturar hasta disolver e verter sobre a torta de queixo. Arrefriar ata que estea callada.</p>
--	--

QUEIQUE

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
<p>Ovos Iogur Levadura Azucre Aceite Anís</p>	<p>Bótase todo nunha cunca e bátese ben. Untamos con manteiga o molde onde o vaias meter no forno. Cando vai ben remexido botas a mestura no molde untado de manteiga e mételo no forno.</p>

PASTELÓN DE XAMÓN IORK E QUEIXO

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
<p>- Dúas masas de hoxaldre - Mozzarella - Queixo en lonchas - Xamón iork - Un ovo</p>	<p>- Estiramos a masa de hoxaldre con coidado sen que se rompa. - Pinchamos a masa cun garfo, cubrímolos con lonchas de queixo (deixando os bordes libres) e poñémoslle unha capa de xamón iork e tamén un pouco de Mozzarella (tamén sen cubrir os bordes). - Logo tapamos todo coa segunda masa de hoxaldre e vamos unindo a masa de arriba coa de abaixo cos dedos para que non se abra e non saia o contido que hai dentro. - Batimos o ovo e coa axuda dun pincel de cociña imos pintando a masa de arriba e pinchamola cun garfo. - E por último co forno quente introducímola a 200° dando calor por arriba e por abaixo durante 20 minutos aproximadamente.</p>

TORTITAS AMERICANAS

<u>Ingredientes</u>	<u>Preparación</u>
<p>2 ovos 2 cuncas de leite 2 cuncas de fariña 2 culleres de levadura 2 culleres de manteiga Sal</p>	<p>Nun recipiente botamos os ovos, o leite, a fariña, a levadura e un pouco de sal. Mesturamos coa batidora ata conseguir unha masa homóxena e o deixamos repousar uns minutos. Mentras repousa, fervemos nunha tixola pequena a manteiga e vamos fritindo unha a unha as tortiñas sen que se queimen. Servir ao gusto.</p>



Alumnas e alumnos de quinto.

Ricardo Carvalho Calero.



e tomou parte no activismo estudantil. Até 1932, en que ganou unha praza de funcionario municipal na súa vila natal, Carvalho Calero enviou numerosas colaboracións ás máis destacadas revistas literarias (*A Nosa Terra*, *Nós*, *Guión*, *Galiza*, *Resol*, *Universitarios*, *Papel de Color*) e principiou a publicación dos seus libros poéticos, primeiro en español e despois en galego.

O golpe militar sorprendeuno en Madrid e Carvalho posicionouse no bando republicano, entrando en combate como miliciano. Unha vez terminado o conflito, foi encarcerado, condenado por separatista e recluído no cárcere de Jaén. En 1941 o escritor regresou á súa cidade con liberdade condicional. Imposibilitado para exercer a función pública, refuxiouse no ensino privado (entre 1950 e 1965 no Colexio Fingoi de Lugo), continuando coa escrita en galego en todos os xéneros e restablecendo aos poucos o contacto cos galeguistas que ficaran no país.

Paralelamente ao seu labor docente, desenvolveu nestes anos un importantísimo traballo investigador -iniciado coa súa tese

Ricardo Carvalho Calero naceu no ano 1910 en Ferrol, onde comezou a publicar os seus primeiros versos. Tras cursar por libre o Bacharelato, trasladouse a Compostela para estudar Dereito e Filosofía e Letras e cumprir co servizo militar. Aquí entrou en contacto co galeguismo e cos movementos culturais da altura, nomeadamente co Seminario de Estudos Galegos.

Foi este un momento de intensa militancia política xa que se integrou no movemento nacionalista

de doutoramento, "Aportaciones a la literatura gallega contemporánea"- que tivo como froito máis valioso a publicación en 1963 da *Historia da literatura galega contemporánea*. Tamén nesta época, en 1958, ingresou na Real Academia Galega co discurso "Contribución ao estudo das fontes literarias de Rosalía". En 1963 obtivo por oposición a praza de adxunto no Instituto Rosalía de Castro, en Santiago de Compostela, e en 1972 superou as probas que o converteron en titular da cátedra de Lingüística e Literatura Galega.

Empregou os pseudónimos de Eduardo Colmeiro, Erik Larsson, Fernando Cadaval, Ilex, José Loureiro, Leopoldo Calero, Martinho Dumbria, Namiq Ziyá.

Publicou moitas obras destinadas á ensinanza universitaria.

As súas obras mais importantes de narrativa son:

A Xente da Barreira, Scórpio, A Cegoñade


De poesía destacan: Pretérito Imperfeito, Futuro Condicional e sobre todo Cantigas de Amigo.

Tamén fixo teatro e a súa obra mais coñecida é: A Farsa das Zocas.

Morreu en Santiago de Compostela o 25/3/1990.



CLASE 6ª



Poema

O laio da palabra

Escoita!
Alguén chama na túa porta.
É o laio da palabra
que non quere acabar morta.

Atende!
Que quen quere ben entende
que esta é a voz do noso pobo,
ela é a nosa semente.


Fala!
Todos teñen que escoitala.
Non quero un ouvido xordo
nin unha boca calada.

Berra!
Grita ben alto, dálles guerra.
Rúxelle a aqueles que silencian
o idioma da nosa terra.

E canta!
nesta lingua que se nos vai,
que escapa coma arca
entre os dedos das mans



Preme para escoitar a canción



LINGUA GALEGA.
NAMÓRATE!

Martín

Un entroido **ECOAMIGO**

Neste curso 2019/2020 baixo o título **Ecoamigos** preparamos uns colectores para concienciar a toda a cidadanía da importancia da reciclaxe e así de fermosos luciron no noso desfile de entroido. Comezamos a semana disfrazándonos diariamente con adornos reciclados e reutilizados, baixo os mandados do esquelete, ata quedar ben adornados cun colar, un complemento na cabeza, unha saia e un zapato de cada cor.



O alumnado de 4º de E. Infantil desfilou co colector do Punto sigre da farmacia, 5º de E. Infantil simulou o colector de Vidro e os maiores de 6º de E. Infantil sumáronse co colector de Plástico.



O ESPIGONCIÑO, XORNAL ESCOLAR DO COLEXIO DE CARIÑO.

A continuación ía o alumnado de primaria; 1º desfilou con colectores de aceite usado, seguidos dos de 2º que levaban o colector da roupa, os rapaces e rapazas de 3º amosáronnos os residuos perigosos, cos de 4º vimos os residuos orgánicos, o alumnado de 5º vestía o colector dos desfeitos en xeral e cerrando o desfile ían os maiores de 6º co colector do papel.



Como sempre dar as GRAZAS á nosa Batucada por acompañarnos!


Estas e máis fotos poden verse na web do colexio

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelfraga/galeria/thumbnails.php?album=254&page=1>



EDLG.

BIBLIOTECA



Aquí vos deixo algunhas das noticias ou curiosidades que semanalmente vos contei.

SEMANA DO 21 AO
25 DE OUTUBRO



***Recordade que o día 24 é o DÍA das
BIBLIOTECAS**

Van xa máis de dúas décadas desde que a **A Asociación Amigos del Libro Infantil y Juvenil** propuxera esta data para facer fincapé nos beneficios destas institucións ao servizo da lectura, da cultura e da cidadanía.

Sempre o agradecemento de Multileo aos que participan nas actividades con tanta ilusión e sempre con tanta imaxinación e creatividade.



**Moitas Grazas a todo o
alumnado pola participación
nas actividades do “Día da
Biblioteca”.**

**BO TRABALLO
RAPACES/ZAS!!!!**

SEMANA DO 4 AO 8 DE
NOVEMBRO



*O pasado venres día 8 de novembro foi o "Día dos Libreiros/as", un día dedicado a esas persoas tan importantes para os que amamos a lectura.

Outro ano máis, as librarías de toda España celebran el DÍA DE LAS LIBRARÍAS, unha festa coa que se quere poñer en valor o trato persoal, exclusivo e agarimoso que ofrecen as libreiras e libreiros.

SEMANA DO 11 AO 15
DE NOVEMBRO



Diferenciaba o historiador e antropólogo galego **Antonio Fraguas Fraguas** entre o **Magosto a secas**, que "non é máis que asar unhas castañas nunha fogueira", e a **Festa do Magosto**, que é moito máis. É o Magosto unha festa de colleitas, lume, castañas e viño novo. É festa de xuntarse e de divertirse, festa de vida e morte, de xuventude e de tizar a traición ao de enfrente.



Espero que o próximo martes sexa un día especial para vós, celebraremos o Magosto, con xogos populares e degustación de deliciosas castañas.



SEMANA DO 18 AO
22 DE NOVEMBRO



20 de novembro "Día dos Dereitos da Infancia"

* A Declaración dos Dereitos do Neno foi aprobada o 20 de Novembro de 1959 pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas. Nela recóllense dez principios que supuxeron o primeiro gran consenso internacional sobre os dereitos fundamentais dos nenos e nenas.



SEMANA DO 25 AO
29 DE NOVEMBRO



O 25 de novembro conmemórase o Día Internacional de la Eliminación da Violencia contra a Muller, designado como tal pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 17 de decembro de 1999. Escolleuse esta data para honrar ás irmás Mirabal, tres activistas políticas da República Dominicana que foron brutalmente asasinadas en 1960 durante a ditadura de Rafael Trujillo (1930-1961).



Hoxe luns 25 de novembro sairemos a rúa para reclamar que se acabe esta lacra social que están a sufrir as mulleres. **NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO!!! SI AO RESPECTO!!!**

SEMANA DO 2 AO 5 DE
DECEMBRO



Esta semana celébrase en Madrid a Cume sobre o cambio climático, tamén coñecida como COP25, co fin de que todos os países se comprometan a reforzar o cumprimento do Acordo de París. Terá lugar do 2 ao 16 de decembro na capital de España. A conferencia coincide coa publicación de datos que amosan que a emerxencia climática empeora cada día e ten efectos negativos sobre as vidas das persoas en todos os lugares do globo, sexan olas de calor extremo, polución atmosférica, incendios nos bosques, inundacións ou secas.



Nenos e nenas sexamos responsables e coidemos a natureza. O FUTURO DO PLANETA TERRA DEPENDE DE NÓS!!!!

SEMANA DO 9 AO 13 DE DECEMBRO



Relacionado coa noticia que vos deixei a semana pasada, dígovos que a nena activista Greta Thunberg chegou a Madrid o martes da semana pasada



Greta Thunberg é unha rapaza sueca de 16 anos que fai un ano comezou a manifestarse fronte ao parlamento sueco, pedindo unha acción climática máis forte. Axiña, outros estudantes participaron en protestas similares nas súas propias comunidades. Xuntos organizaron un movemento de folga climática escolar co nome de "Venres para o Futuro" (do inglés, *Fridays for Future*). Tras dirixirse á Conferencia das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático de 2018, realizáronse folgas de estudantes cada semana nalgún lugar do mundo.

Thunberg é coñecida pola súa maneira contundente de falar do feito, tanto en público coma aos líderes e asembleas políticas, nas que pide a acción inmediata para abordar o que ela describe como a « crise climática ».

Na casa, Thunberg convence aos seus padres para que adopten varias opcións de estilo de vida para reducir a súa pegada de carbono

SEMANA DO 8 AO 10 DE
XANEIRO



FELIZ ANO 2020!!!!

- ano bisesto.
 - ano internacional de sanidade vexetal proclamado pola ONU.
 - ano do 250 aniversario do nacemento de Beethoven.
- ... e moito máis.

SEMANA DO 20 AO 24 DE XANEIRO.

IMOS PARA FEBREIRO



Este ano, como sabedes é ano bisesto e isto sucede porque o sistema solar e o calendario gregoriano non están de todo sincronizados, de aí a súa necesidade.



O ano bisesto prodúcese unha vez cada catro anos e ten 366 días grazas ao 29 de febreiro.

A explicación é máis ou menos como segue:

A Terra tarda aproximadamente 365 días, 5 horas, 48 minutos e 45 segundos, en dar unha volta arredor do Sol. É o que se denomina ano tropical e mídese a partir do equinoccio de marzo.

Sen embargo, o calendario gregoriano ten só 365 días nun ano, polo que si non engadíramos un día, o 29 de febreiro, cada catro anos perderíamos practicamente seis horas do noso calendario anualmente. Parece pouca cousa, pero despois de 100 anos, ¡nosso calendario perdería 24 días! Así cada catro anos no calendario gregoriano, engadimos un día adicional ao calendario para sincronizalo co ano solar.

*Como curiosidade, no calendario xuliano, aínda hai unha diferenza de 11 minutos e 14 segundos cada ano.

SEMANA DO 27 AO 31 DE XANEIRO


30 de xaneiro "día da paz e da non violencia"



O 30 de xaneiro é un día dedicado a conmemorar nos centros educativos unha cultura da non violencia e da paz. A educación en e para a tolerancia, a solidariedade, a concordia, o respecto aos Dereitos Humanos, a non-violencia e a paz son motivos para recordar este día.

Por que se celebra o 30 de xaneiro? Estase a celebrar desde 1964 e está recoñecida pola ONU dende 1993. Nesa data conmemórase a morte de Mahatma Gandhi líder nacional e espiritual da India, asasinado a tiros en 1948 por un integrista hindú. Xurde dunha iniciativa pioneira, non governamental, independente, e voluntaria de Educación Non-violenta e Pacificadora do profesor español Llorenç Vidal. O seu obxectivo é a educación en e para a tolerancia, a solidariedade, a concordia, o respecto a los Dereitos Humanos, a non-violencia e a paz. Neste día, os colexio convértense en instrumentos de paz e entendemento entre persoas de distinta formación, raza, cultura e relixión.

Profesor Llorenç Vidal



SEMANA DO 3 AO 7 DE FEBREIRO



Sabedes o que significa que o ano 2020 sexa o "Año Internacional de Sanidade Vexetal"???




A ONU proclama 2020 como o Año Internacional da Sanidade Vexetal. O obxectivo é aumentar a concienciación sobre a importancia de protexer a saúde das plantas. Hoxe en día, ata o 40% dos cultivos pérdense anualmente debido ás pragas das plantas e os insectos invasores. En termos de valor económico, só as enfermidades das plantas custan á economía mundial arredor de 220.000 millóns de dólares ao ano. "O Ano Internacional da Saúde de Plantas é unha iniciativa clave para resaltar a importancia da sanidade vexetal para mellorar a seguridade alimentaria, protexer o medio ambiente e a biodiversidade e impulsar o desenvolvemento económico", "A pesar do crecente impacto das pragas as plantas, os recursos son escasos para abordar o problema. Espérase que este novo Ano Internacional da Sanidade Vexetal xere unha maior colaboración mundial para apoiar as políticas de sanidade vexetal a todos os niveis, o que contribuirá á Axenda de Desenvolvemento Sostible"


Finlandia propuxo a celebración deste ano ao órgano que dirixe a Convención Internacional de Protección Fitosanitaria en 2015.

SEMANA DO 10 AO 14 DE FEBREIRO

Sabedes quen foi Charles Darwin e por que o 12 de febreiro conmemórase o Día de Darwin?




Esta semana tamén temos outra celebración moi especial para os namorados/as: 14 de febreiro Día de Valentín.



O “Día de Darwin” é unha celebración instituída para conmemorar o aniversario do nacemento de Charles Darwin, o 12 de febreiro de 1809. A celebración quere resaltar a contribución de Darwin á ciencia e promover a práctica da ciencia en xeral.

Darwin foi un naturalista inglés, recoñecido por ser o científico máis influente e o primeiro, xunto con Alfred Russel Wallace, dos que prantexaron a idea da evolución biolóxica a través da selección natural, xustificándoa na súa obra “*O orixe das especies*” (1859) con numerosos exemplos extraídos da observación da natureza.



Son Cupido (chamado tamén “Amor” na poesía latina) é, na mitoloxía romana, son o deus do desexo amoroso.

Segundo a versión máis difundida, son o fillo de Venus, a deusa do amor, a beleza e a fertilidade, e de Marte, o deus da guerra. Representaseme xeralmente coma un neno alado, cos ollos vendados e armado de arco e frechas. O meu equivalente na mitoloxía grega é Eros.

Segundo a *Enciclopedia Católica*, o santo cuxa festividade caeu na data coñecida hoxe como día de San Valentín foi posiblemente un dos tres mártires executados en tempos do Imperio Romano. Os dous primeiros na segunda metade do século III, durante o reinado do emperador Claudio II “o Gótico”:

- Un médico romano que se fixo sacerdote e que casaba aos soldados, a pesar de que estaba prohibido e, Claudio II ordenou decapitalo.
- Un bispo da cidade de *Interamna* (hoxe Terni, Italia), onde se encontran os restos do corpo conservados na basílica, e onde o 14 de febreiro é a festa patronal;
- Un bispo chamado Valentín de Recia, que viviu no século V.

SEMANA DO 17 AO 21 DE FEBREIRO



“O
MECO”

Nenos/as coñecedes a lenda do Meco, que aínda que non haxa datos históricos de que sucedera, é asumida polo pobo de O Grove????



É en O Grove, o pobo concreto da lenda, onde o Meco tiña os seus dominios, exercía o seu despotismo, onde foi axustizado, . . . en fin, onde este mito ten a súa historia. Conta a lenda de que o Meco era un crego non galego, déspota, que dominaba a todo o pobo .Viviu nunha época alá polo século XV ou XVI, tempos nos que a situación da bisbarra era crítica: a conversión dos dereitos de avoengo en forais, contendas sobre dereitos de dominio da pesca, as guerras irmandiñas, a peste, . . . , e na que a ambiciosa caste dominante exercía un poder abusivo. Un día, xogando unha das habituais partidas de cartas, perdeu cun mozo que era moi apreciado e respectado polos veciños e, sentíndose humillado por este feito, desafiou ao mozo”. Decatándose os veciños e, sentíndose unha vez máis ofendidos , cansos xa de tantos abusos, decidiron ir a por el e colgárono nunha figueira no monte da Siradella, sito na entrada da península, para así mostrarlle ós visitantes o que se fai no pobo de O Grove aos personaxes que, con métodos despóticos, queren asoballar á xente. Chegando despois a Xustiza para esclarecer os feitos e castigar ao criminal, preguntaba o xuíz:

- Quen matou o Meco?.
- Matámolo todos !



SEMANA DO 2 AO 6 DE MARZO



Aínda que o día de Rosalía é o 24 de febreiro, nos imos celebralo esta semana, concretamente o martes día 3 de marzo e, faremolo dun xeito moi especial.

Vou a explicarvos por que se elixiu esta data para celebralo. Prestade atención!!!!



O 24 de febreiro de 1837 nacía a autora fundamental das nosas letras, Rosalía de Castro, cuxo nome completo era María Rosalía Rita de Castro (Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 1837- Padrón, 15 de xullo de 1885) . Rosalía foi poeta e novelista que escribiu tanto en galego como en castelán. Representa xunto con Eduardo Pondal e Curros Enríquez unha das figuras emblemáticas do *Rexurdimento* galego, non só pola súa aportación literaria en xeral e polo feito de que *Cantares gallegos* sexan entendidos como a primeira gran obra da literatura galega contemporánea, senón polo proceso de sacralización ao que fue sometida e que acabou por facela un símbolo do pobo galego. Ademais é considerada, xunto con Gustavo Adolfo Bécquer, a precursora da poesía española moderna.. Por todo iso quérese honrar á escritora a través do recordo da súa obra, cuxa lectura resulta imprescindible para coñecernos como pobo. En definitiva, porque merece ser revivida infinitamente a través dos seus escritos... Celebremos a Rosalía!!!

SEMANA DO 9 AO 13 DE MARZO

Comunicovos que esta semana celebramos a Semana da Prensa. Poñémonos a traballar coa prensa.



As orixes desta iniciativa Prensa na escola, pioneira na prensa española, remóntanse á revista Prensa Didáctica, elaborada pola sociedade Padres/Madres e Mestres desde 1978. O seu destinatario é a clase, o lugar onde a comunidade escolar traballa conxuntamente, e as súas propostas van encamiñadas a que experimenten coas noticias e a que, desde a actualidade, poidan abordar en profundidade temas de contido científico, político, social, económico o educativo. A actividade

Esta semana propoñemos unha actividade titulada “As 10 lentes dunha noticia”. Ánimo e poñédelle emoción a vosa noticia!!!!



**E ATA AQUÍ A NOSA
ANDAINA POR ESTE ANO.
ESPERO VERVOS EN
SETEMBRO NA NOSA BIBLIO
PARA ENCONTRARNOS COS
NOSOS AMIGOS OS LIBROS.**



Equipo de biblioteca.

Solidariedade en tempos de pandemia.

Presentamos aquí dous proxectos solidarios, de colaboración desinteresada, que puxeron os esforzos de moitas persoas nun obxectivo común: fabricar elementos de protección fronte ao coronavirus.

María Inés Díaz Galdo, membro da asociación de patchwork de Cariño

En que consistiu o voso proxecto?

Na fabricación e reparto de mascarillas hixiénicas.

Como xurdiu a iniciativa?

A iniciativa xurde por unha conversa entre o concello e un membro da asociación de patchwork de Cariño. O proxecto solidario en primeiro lugar ía dedicado as traballadoras de dependencia que tiñan que traballar en domicilios e atopábanse sen mascarillas, porque no principio da pandemia era imposible conseguilas, e tamén se repartiron entre traballadores de negocios que tiñan aberto nese intre.

Como fixéronse suficientes tamén fai pouco repartíronse entre adultos para acompañar os nenos nas saídas. O material para a realización das mesmas pagouno o concello.

Ademais das persoas que forman parte da asociación de patchwork tamén doaron mascarillas María Barcia e Natalia del Río.

Como valoras os resultados?

Eu creo que os resultados foron bos, eu volvería participar se mo pedirán mil veces máis se fixera falla.



Reyes Montero, profesora do CPI de Atios en Valdoviño e divulgadora científica.

En que consistiu o proxecto?

Consistiu en fabricar pantallas de protección da cara, nun principio para o persoal sanitario e persoal de axuda a domicilio, por ser os máis expostos ao risco de contraer a enfermidade. mais adiante para todas aquelas persoas que tivesen algunha enfermidade que supoñía un risco engadido se se contaxiaban.

E finalmente proporcionámolas a todas aquelas tendas e negocios que tiñan atención ao público, farmacias, supermercados, tendas alimentación..

Como xurdiu a iniciativa?

Decateime polas redes sociais do movemento a nivel nacional Coronavirus Makers, e uninme ao grupo de telegram de Galicia.

Eses días tamén contactou conmigo o Alcalde de Valdoviño, pois unha rapaza estudante dun ciclo dual no Ferrolterra(Alex Beceiro) foille preguntar se podía usar as impresoras do noso cole.

Foi así como nos puxemos en contacto e decidimos comezar a imprimir. Eu propúxenlle a 3 alumnos (Ainhoa, Antón e David) e outros 3 ex- alumnos (Roi, Raúl e Jacobo) con impresora, se querían axudar, e de camiño me responderon que si, que adiante. Isto foi o 23 de marzo, onde naceu o grupo de whatsapp #makersValdoviño.

O material para fabricalas, comezou coas laminas de PVC que había no CPI de Atios, e as bobinas do taller de tecnoloxía, e os demais co material que tiñan na casa.

Contactamos coa Librería Xeila de Valdoviño, que nos donou todas as láminas que tiñan de PVC, e conseguíunos todas as que puido (mais de 600) e coa Mercería de Inés González, tamén de Valdoviño, que donou toda a goma elástica que tiña.

O Concello de Valdoviño, donounos 15 bobinas de PLA, habilitou un número de teléfono para as solicitudes, puxo á nosa disposición a Protección Civil, xa que nos non podíamos desprazarnos, que se encargarian de recollelas nas nosas casas e entregalas aos solicitantes.

A través de Alberto González o Alcalde de Valdoviño, contactaron outros concellos para solicitar os pantallas e tamén para doar material para fabricalas (Cariño, Cedeira, Cerdido, O Barqueiro, Ares, Mugardos...)

Tamén se foron unindo moitos makers, animados por nos ou que se decataron polos medios do que estabamos facendo, entre eles varios profesores Sito Alvite, Luís Veceiro, Juan Santalla, María Estraviz, Patricia Hermida, Jesus Maiz, Bernardino, Fernando, Conchi, Leticia, e outros aficionados coma Rafa, Cris, Begoñan Aida, Yago, Pablo, Rodolfo, Jaime, Samuel, Diego, Oscar Abad... e así ata un total de 33 makers.

Como valoras os resultados?

O traballo o primeiro mes foi moi intenso, moitas horas adicados a imprimir, atender telefono, organizar recollidas e repartos... pero á vez moi gratificante, pois as mostras de agradecemento foron numerosas e comprobamos que as pantallas eran de utilidade para o persoal sanitario que apenas tiña material para protexerse.


A día de hoxe, case 2 meses despois, levamos 6500 pantallas entregadas e 5000 salva-orellas. Os salva orellas, serven para suxeitar as mascarillas, e evitar as rozaduras das gomas nas orellas, que despois de moitas horas con elas postas, xeran moitas molestias, son moi demandadas para sanidade.

Foi como esperabas?

En ningún momento cheguei a pensar que esta iniciativa ía a chegar a tanta xente, que íamos a ser tantos no grupo, todas e todos co ánimo e a intención de axudar, nin que íamos a chegar a producir tantas pantallas.

Así que moito mellor do que nos podíamos imaxinar nun comezo, iso si, con traballo continuo, e coa gratificación extra de formar un equipo de persoas, moitas delas descoñecidas, unidas por un fronte común-axudar do xeito que podíamos- e que agora considero "amigas e amigos".

Seguro que me quedan moitas cousas no tinteiro.. pero isto é o proxecto a grandes rasgos



Deportes

Carreira campo a través en Valdoviño.

O día 3 de febreiro participamos nunha proba de campo a través en Valdoviño. Ademais de pasalo ben nesta xornada a nosa participación foi excelente, tanto no esforzo como nos resultados.




Parabéns a todas e todos !!!!

Máis fotografías da actividade na nosa galería:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelfraga/galeria/thumbnails.php?album=252>



O ESPIGONCIÑO



O ESPIGONCIÑO



TODO BEN❤️



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística

LUCIA❤️

CEIP "MANUEL FRAGA IRIBARNE" DE CARIÑO - A CORUÑA